

*Traducción
voluntaria
de Martín
Fernández
Sampedro*



**Que é
Que facemos
Obxectivos
Compromisos
Como colaborar**

S.O.S. ÁFRICA

SERVIZO DE SOLIDARIDADE
CON ÁFRICA

QUE É

Fundada no ano 1992 en Barcelona, SOS ÁFRICA é unha organización de solidaridade independente, é dicir, non gobernamental e non confesional, ó servizo dun proxecto de desenvolvemento humano e de progreso cara a liberdade no ámbito cultural, social, económico e político.

SOS ÁFRICA é, por excelencia, a organización que está ó servizo de África e, moi en particular, ó servizo dos seus meniños e meniñas, a esperanza dun futuro en liberdade con dignidade. SOS ÁFRICA é a organización que existe grazas a quen o fai posible, a quen a apoia.

QUE FACEMOS

En África, xa no pasado apoiamos, no presente apoiamos e sostemos dun modo efectivo no cotián o traballo, as actividades e proxectos das organizacións locais que comparten connosco o mesmo análise e unha visión positiva de África.





A pesar das súas evidentes carencias, son as que están verdadeiramente familiarizadas coas condicións locais, as culturas, as linguas e a mentalidade da xente. A maioría anda na procura de solucións concretas a problemas concretos. Noutras palabras, sintonizan coas verdadeiras aspiracións e coas necesidades reais das poboacións autóctonas. Cando nos apoias, a eles tamén os apoias.

En Europa levamos a cabo accións de sensibilización (*conferencias, seminarios, exposicións, cursos destinados ós africanos da diáspora, campañas de solidariedade, de denuncia e accións de protesta, etc*) no convencemento da necesidade de que tamén aquí se produza un gran troco e unha global conversión de comportamentos e de actitudes, sobre todo dos gobernos.





OBXECTIVOS

Xa que SOS ÁFRICA entende o desenvolvemento como un proceso de liberación, como un adianto á completa liberdade, os homes e as mulleres africanos ós que apoia a organización, coa axuda -en Europa- de persoas de conciencia solidaria, están a dar pasos, avanzando, rompendo elos, e traballando sobre o terreo -en África- en beneficio das poboacións autóctonas e en tódolos terreos.

No campo da saúde, da alimentación, da educación, da agricultura, da concienciación política, da recuperación e promoción das culturas autóctonas, etc.

O noso primeiro proxecto é a persoa e a mellora das súas condicións de vida. O apoio a súa liberación é o noso principal obxectivo.



SOS ÁFRICA.
antes AKENATON

Click

Click



Click



COMPROMISOS

A obriga de SOS ÁFRICA é mellora-las condicións de vida das poboacións africanas, en particular das nenas e dos nenos, e contribuir a crear unhas sociedades de liberdades para os Pobos de África.

- Este compromiso obríganos a procurar metas de liberación da fame, da ignorancia, das privacións, da miseria, das opresións, dos complexos, das dependencias, da escravitude en resumo.

- Estas liberacións son fundamentais para garantir a dignidade humana, o desenvolvemento, o progreso, a liberdade, a paz e todos os dereitos de todos os humanos.

- Esta aposta constitúe o verdadeiro significado, a xustificación e a finalidade das actuacións de SOS ÁFRICA.

Sen esta aposta o traballo dos nosos homes e mulleres perde toda lexitimidade nos *Países en Vías de Liberación*.



COMO COLABORAR

Precisan do teu apoio. Precisámolo. Se te animas a colaborar con **SOS ÁFRICA**, cos homes e mulleres que no continente africano fan posible a solidariedade e o desenvolvemento da liberdade, podes escoller entre as seguintes opcións. Colaborar:

- Como padriño ou madriña dunha meniña ou dun meniño de África

Meniños e meniñas de África, en concreto de

- Guinea Ecuatorial
- Kenia

xa teñen padriños e madriñas. Outros moitos agardan. O apadriñamento é un xeito eficaz de axuda individual que beneficia a un neno ou unha nena do cal faremos que te chegue foto e cartas. Con 20 € mensuais axudarás a mellora-las condicións de vida da meniña ou meniño. Ofreceráslle unha educación básica e asistencia médica para mellora-lo seu futuro. A túa axuda tamén beneficiará a outros nenos e a toda a comunidade grazas a proxectos de desenvolvemento integral.





- Como *Cooperante* de SOS ÁFRICA apoiando os seus proxectos.

Compartes a túa alegría e o teu ben-estar. Participas na financiación de proxectos das asociacións locais que requiren o apoio de SOS ÁFRICA. Coa túa aportación mensual convérteste en auténtico cooperante: dende a "retagarda" da solidariedade cooperas para que

os mesmos africanos, "in situ", dispoñan de medios para poder construír vivendas, escolas, equipar hospitais, escavar pozos, mercar semente, promover campañas de sensibilización entre a poboación, sanea-la vida política, promove-los valores democráticos e convivenciais, fortalecer os valores étnicos, potencia-la súa autoestima e a súa independencia, revalorizar-las súas súas tradicións culturais, etc. En resumo, contribúes ó progreso da liberdade.





- Como "Nena ou Neno Benfeitor"

É a "*Solidaridade de Neno a Neno*". Moitos nenos e nenas que os seus pais teñen apadriñados a un meniño ou meniña africano soen colaborar engadindo 3 € para mercar material escolar para o seu afillado. Se queres que o teu fillo ou filla fagan unha boa obra.

- Como institución (Colexios, parroquias, asociacións)

Moitos colexios, parroquias e asociacións comprometéronse na educación e formación de 1, 2 e ata tres meniños. É bo que moitos máis se comprometan.

- Como Colaborador puntual ou en casos de emerxencia humanitaria

Tamén podes apoiar puntualmente as nosas campañas de solidaridade e facer un donativo á Organización a través de calquera das seguintes entidades bancarias:

CAJA DE MADRID: 2038-9900-60-6000446834
 BANC SABADELL: 0081-0114-40-0001171324
 BANESTO: 0030-2549-97-0000055271
 LA CAIXA: 2100-0835-12-0200503096

- Adquirindo algún dos nosos produtos

Camisetas, pins, tableiros de awalé, libros, tarxetas de nadal, etc.



¡ÁFRICA!

*En África a xente
ama máis que aborrece,
canta máis que chora,
danza máis que pelexa,
é feliz máis que aflixida
e leda máis que triste.
En África, continente
rico máis que pobre,
a xente sorrí
e disfruta da vida.
Si, en África
tamén raia o sol.*

imprimir



SOS ÀFRICA
SERVIZIO DE SOLIDARIDADE
CON ÀFRICA

Ronda de la Universidad 20, 1-2
08007 · Barcelona
Tel. 93 412 66 77
Registro Estatal: 117.266
Registro Generalitat: 14.074
info@sos-africa.org

